

# Cuntis a primavera das letras

## Xogo de Rol

premio de  
300€

Bases do xogo

Domingo 17 de maio 2015

Esta xincana consiste nunha serie de probas, que se farán a través dun percorrido previamente indicado e que será o mesmo para todos os equipos, pero feito en orde diferente. Para ir dun lugar a outro daranse unhas pistas a modo de adiviñas, acertixos, xeroglíficos.....

### DINÁMICA DA XINCANA

- Na Biblioteca Municipal ás 16:30 horas explicárase o desenvolvemento exacto do xogo, e é alí a onde teñen que voltar cando rematen o xogo todos os equipos para anunciar a clasificación. Este lugar non será nin o de comezo da proba, nin o do remate, xa que cada un empezará ou rematará a proba nunha parte do percorrido e será ese o tempo que se contabilice final. En cada punto de saída haberá un monitor, que dará a saída sincronizado co resto dos monitores.
- As probas intercalaranse unha con monitor e a seguinte sen monitor. O monitor con proba, controlará que a proba anterior estea ben feita; de non ser así deberán volver atrás e facela ben.
- Se cando un equipo chegue a un lugar onde haxa unha proba con monitor, se este está ocupado con outro equipo, o equipo que chegou segundo deberá esperar a unha distancia prudencial (que non interfira no desenvolvemento do xogo do equipo contrario), ata que este remate de facer a proba e o monitor lles dea paso.
- Nas probas sen monitor, indicárase no enunciado da mesma proba (mediante adiviña, acertixo...) do seguinte lugar a onde deben ir.
- Os equipos deberán estar formados por un número non menor de 6 participantes e non maior de 8.
- **MOI IMPORTANTE:**
  - Se houbera algún equipo nos que todos ou algún dos membros foran menores de 14 anos, deberá haber un responsable maior de idade, xogando con eles.
  - No caso de que houbera un equipo con membros de entre os 14 e 17 anos, deberá haber un representante legal anotado con eles no equipo, aínda que neste caso non sería preciso que participara no xogo.

### O EQUIPO GANADOR TERÁ QUE CUMPRIR AS SEGUINTE CONDICIÓNS

- Facer todas as probas correctamente.
- Cumprir as normas.
- Por cada norma incumprida haberá cinco minutos de penalización, que se lle descontarán do tempo final.
- O equipo debe permanecer unido en todo momento; non estará permitido, que uns busquen unhas cousas e outros namentres vaian, por exemplo, a poñer selos.
- Cumprir as normas de seguridade vial.
- Tendo en conta os comercios que participan na iniciativa, cada equipo debe chegar ao final cos selos de todos os establecementos adheridos. Así como o percorrido que se lles indicará no xogo é obrigatorio e non se pode cambiar a orde, os equipos terán liberdade para colocar os selos na orde que eles establezan por estratexia.
- Será o gañador o que despois de facer todo isto, o faga no menor tempo posible. O monitor no que acabe comprobará que todo esté correcto, e unha vez confirmado, apuntará a hora e minuto exacto no que rematou.
- Haberá un único premio de 300€.

**INSCRIPCIÓN:** Desde a publicación destas bases e ata o día 15 de maio na O.M.I.X., teléfono 986 533 600 ou no correo electrónico [cultura@cuntis.es](mailto:cultura@cuntis.es). O día 17 de maio tamén se poderán inscribir na Biblioteca Municipal ata as 16:30 horas.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Innovación e  
Xestión da Saúde Pública

Inscripcións ata o 15 de maio

Organiza:



CONCELLO  
DE CUNTIS

+info

[www.turismodecuntis.com](http://www.turismodecuntis.com) Dep. Cultura Tel: 986533600 [cultura@cuntis.es](mailto:cultura@cuntis.es)